



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E A COMUNIDADE MERCEDARIA DE VERÍN PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS INMOBLES NECESARIOS PARA A RESTAURACIÓN DO RETABLO MAIOR DA IGREXA DO CONVENTO DOS PADRES MERCEDARIOS, VERÍN (OURENSE)

Santiago de Compostela, 15 OUT. 2018

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura e Turismo, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 2º da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra, D. Orencio Temprano González actuando en representación da Comunidade Mercedaria de Verín, en virtude da súa condición de comendador, titular e responsable do ben.

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación e por tanto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.

SEGUNDO: Que conforme o artigo 4º do "Convenio de Colaboración entre os bispos das dioceses que comprenden o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e a Xunta de Galicia, co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa", formalizado polo "Acordo marco entre a Xunta de Galicia e os Bispos das dioceses que comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia" asinado o 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia conforme as súas dotacións orzamentarias, asume o compromiso de contribuír ás necesidades de conservación, mellora e adecuada protección do patrimonio artístico e histórico propiedade da Igrexa Católica, así como de subvencionar ou dotar, no seu caso, os convenientes medios persoais e técnicos para a súa eficiente utilización pública.

TERCEIRO: Que a Igrexa Católica e á titular do seu patrimonio histórico, artístico e documental, que se pon a servizo da sociedade, titularidade que, a tenor da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto da lexislación aplicable, a Xunta de Galicia reconece, así como a súa natureza e finalidade





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

galicia

relixiosa e o uso relixioso dos mesmos que se desenvolve de forma compatible coa función cultural que posúe o devandito patrimonio.

CUARTO: A igrexa e convento dos Padres Mercedarios de Verín están protexidos polo seu valor cultural ao atoparse incluídos no Catálogo de Patrimonio do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Verín e segundo o que determina a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

QUINTO: A igrexa conta cun retablo maior barroco o cal presenta un deterioro que non asegura a súa conservación, principalmente porque o repinte da obra está a ocultar o ataque de xilófagos ademais de que ao incorporarse madeiras novas enmascaran outros danos estruturais que son incompatibles coa súa conservación.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir un convenio de colaboración baseado nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio de colaboración é regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura e Turismo, e a Comunidade Mercedaria de Verín para a **posta a disposición dos inmobles necesarios para a execución das actuacións de restauración do retablo maior da igrexa do convento dos Padres Mercedarios, Verín (Ourense).**

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública, xa que as actuacións previstas para o retablo maior da igrexa do convento dos Padres Mercedarios de Verín, van evitar que continúe deteriorándose este ben e polo tanto impedirán que se produza unha perda irreuperable para o patrimonio cultural galego. Por outra banda, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

A Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións oportunas para a execución das actuacións de restauración do retablo maior da igrexa do convento dos Padres Mercedarios de Verín, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia en función das súas dispoñibilidades económicas e en consonancia co disposto nos artigos 1 e 3 do Decreto 246/1992 da Consellería de Economía e Facenda (DOG núm. 159 do 17 de agosto de 1992).



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

galicia

TERCEIRA.- OBRIGAS DA COMUNIDADE MERCEDARIA DE VERÍN

Pola súa banda, a Comunidade Mercedaria de Verín comprométese a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura e Turismo para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio.

Unha vez rematados os traballos, a entidade titular asumirá a xestión, mantemento e conservación dos inmobles dos que sexa titular. Para estes efectos, unha vez recibidos os traballos pola Consellería de Cultura e Turismo, poñerá no seu coñecemento, entendéndose que a citada comunicación determina o nacemento das obrigas previstas nesta cláusula.

CUARTA.- COMISIÓN PARITARIA

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente convenio, créase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

QUINTA.- RESOLUCIÓN

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial ~~da~~ algunha das cláusulas que o regulan.

SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata a completa finalización das obras a realizar sobre os inmobles obxecto da posta a disposición. En calquera caso, a duración do presente convenio será determinada e non superior aos catro anos, salvo que normativamente se prevea un prazo superior de acordo co artigo 49.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SETIMA: NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

galicia

OITAVA: PUBLICIDADE

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Comunidade Mercedaria de Verín acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

NOVENA.- RÉXIME XURÍDICO

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por duplicado exemplar no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura e Turismo



Rodríguez González

O comendador da Comunidade Mercedaria de
Verín



Orencio Temprano, González